

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE DA XUNTA DE GALICIA E O INSTITUTO OURENSÁN DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO (en adiante INORDE)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

**A SUBDIRECTORA XERAL DE XESTIÓN DEPORTIVA DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE,
DECLARA:**

Que esta SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE formalizou co INORDE (OURENSE) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 12 de xullo ao 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

É obxecto deste convenio establecer as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, e o INORDE para o subministro dunha carpa para a realización de eventos deportivos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

I.- A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27.22, sinala a competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción do deporte.

O Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, atribúe á Secretaría Xeral para o Deporte as competencias da comunidade autónoma en materia de deportes.

Segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, as administracións locais deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, entre os que se atopan as instalacións deportivas de uso público.

No marco da lexislación básica do Estado, a Lei 5/1997 establece a competencia xenérica dos concellos en, entre outros ámbitos, os das actividades e instalacións deportivas (artigo 80.0 letra n), sinalando, a mesma norma, que é competencia propia de Deputación Provincial, entre outras, “coordinar os servizos municipais entre si para garantir a prestación integral e adecuado de servizos públicos en todo o territorio da provincia (...)”: artigo 109.1 letra a, c


A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, contempla no seu artigo 8 a posibilidade de colaboración da Administración deportiva autonómica coas administracións locais.

CONSELLERÍA DE VICEPRESIDENCIA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias-Servizo Coordinación
Pazo de Raxoi, 15705 Santiago de Compostela



Xacobeo 2021





II. De acordo co disposto nos artigos 1 e 2 dos estatutos do INORDE aprobados en sesión extraordinaria o 24 de setembro de 2004, este é un organismo autónomo local de natureza administrativa, dependente da Deputación Provincial de Ourense, creado ao amparo do disposto na lexislación de réxime local, e de acordo a esta condición é unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia e autonomía económica e administrativa para a realización dos seus fin, así como para a xestión do seu patrimonio.

Segundo o artigo 3 dos estatutos o obxectivo do INORDE é a promoción, desenvolvemento e mellora das condicións económicas e sociais da provincia de Ourense e segundo se desprende do artigo 4 dos estatutos para a consecución dos mesmos o Instituto disporá das mesmas potestades administrativas que a lei lle atribúe á Deputación.

III. As administracións públicas asinantes deste convenio son conscientes de que o incremento e mellora das condicións que esixe a práctica deportiva reclama unha mellor dotación de infraestruturas, de forma que permitan dar satisfacción á crecente demanda social existente na materia.

A Secretaría Xeral para o Deporte, no exercicio das súas competencias e funcións, ten previsto na súa planificación de mellora das infraestruturas e dos equipamentos deportivos da Comunidade Autónoma de Galicia, actuacións que permitan a construción ou mellora de instalacións deportivas básicas ou daquelas que presenten un maior interese deportivo. Neste sentido é de interese da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, a colaboración coas administracións locais para o fomento do deporte no ámbito municipal.

A necesidade de levar a cabo esta actuación, ven determinada pola importancia deste concello para a promoción do deporte en toda a comarca que comprende, sendo unha actuación necesaria para o mellor o desenvolvemento de actuacións deportivas que non contan con instalacións propias. Desta circunstancia derívanse as razóns que acreditan o interese público da actuación, e xustifican a dificultade da súa convocatoria pública, de acordo con disposto no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, atendendo tamén ao establecido no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alieo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíase esta memoria, en Santiago de Compostela en xullo de 2019

CONSELLERÍA DE VICEPRESIDENCIA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias-Servizo Coordinación
Pazo de Raxoi, 15705 Santiago de Compostela

